CONSELLO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Segundo o previsto na Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, o 14 de agosto de 2026 o IGE presentou perante o Consello Galego de Estatística este proxecto técnico que quedou aprobado con data 14 de outubro de 2026.

2502-01-OE06 INDICADORES DE COHESIÓN SOCIAL

PROXECTO TÉCNICO

1. Introdución

Desde os seus inicios, un dos pilares fundamentais do proxecto europeo foi a redución das desigualdades.

Xa no Tratado de Roma (1957), onde se constituíu a Comunidade Económica Europea, se recollía no seu preámbulo a necesidade de reducir as diferenzas entre as diversas rexións e o retraso das menos favorecidas.

Coa Acta Única Europea (1986), que modificou o Tratado de Roma, a cohesión económica e social pasou de estar unicamente no preámbulo a formar parte do articulado, quedando establecida como un obxectivo.

No Tratado de Maastricht (1992), polo que naceu oficialmente a Unión Europea, non só se reforzaba este obxectivo da cohesión económica e social, senón que tamén se establecían os principios que guiarían a política de cohesión.

O Tratado de Lisboa (2007) consolidou a política de cohesión como unha das prioridades da Unión Europea e incorporou o obxectivo da cohesión territorial ao xa existente da cohesión económica e social, para así abordar aqueles desafíos aos que se enfrontan determinados territorios, como poden ser as zonas rurais ou de baixa densidade demográfica.

Actualmente, a redución das disparidades entre os seus países e rexións é un dos obxectivos máis importantes da Unión Europea e a política de cohesión representa a principal política de investimento europea.

Sabedores de que unha Europa construída sobre unhas débiles bases sociais non só se traduce en crisis económicas máis profundas, senón tamén nunha desafección cidadá co proxecto europeo, fóronse deseñando plans estratéxicos onde cada vez tiña máis relevancia a dimensión social da cohesión.

Ademais, para avaliar o progreso cara os obxectivos marcados, acompañouse cada un deses plans estratéxicos dun marco de indicadores para medir os avances na cohesión social.

A Estratexia de Lisboa (2000) fixou como obxectivo estratéxico para 2010 converter á Unión Europea na economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de crecer economicamente de xeito sustentable con máis e mellores empregos e con maior cohesión social. Así pois, a aposta pola converxencia macroeconómica, na que se centraran os esforzos ata ese momento, comeza a compartir protagonismo cunha axenda social destinada

a coordinar as políticas sociais e instrumentar accións na loita contra a desigualdade e a exclusión social.

Para facilitar o seguimento da axenda social marcada na Estratexia de Lisboa, no Consello Europeo de Laeken (2001) adoptouse o primeiro sistema de indicadores centrado na cohesión social, onde se estableceron 18 indicadores que cubrían as áreas de ingresos, emprego, educación e saúde, divididos en indicadores principais e indicadores secundarios. Estes indicadores foron revisados nos seguintes anos ata quedar configurado como un conxunto de 21 indicadores (12 principais e 9 secundarios).

A Estratexia Europa 2020 (2010) buscaba un crecemento intelixente, sustentable e inclusivo a través de oito metas organizadas en torno a cinco áreas a acadar en 2020: emprego (acadar unha taxa de emprego do 75% para as persoas de 20 a 64 anos), innovación (aumentar a inversión en I+D), educación (reducir o abandono escolar a menos do 10% e aumentar a educación superior ata o 40% na poboación de 30 a 34 anos), inclusión social (reducir a pobreza en 20 millóns de persoas) e clima/enerxía (reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro un 20%, aumentar un 20% as enerxías renovables e mellorar un 20% a eficiencia enerxética).

Para medir o progreso nas oito metas da Estratexia Europa 2020, fixouse un marco de oito indicadores e tres subindicadores.

O Plan de Acción do Pilar Europeo de Dereitos Sociais (2021) establece tres obxectivos prioritarios a cumprir en 2030: polo menos o 78% da poboación de 20 a 64 anos debe ter emprego, polo menos o 60% das persoas adultas debe participar en actividades de formación cada ano e o número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social debe reducirse polo menos en 15 millóns, incluídos como mínimo 5 millóns de nenos e nenas.

Para facer un seguimento do progreso cara estes tres obxectivos principais e avaliar os avances nos vinte principios establecidos no Pilar Europeo de Dereitos Sociais, aprobouse un cadro de indicadores, organizado en indicadores principais e indicadores secundarios.

2. Antecedentes

O IGE elabora indicadores de cohesión social desde 2010, cando empezou a calcular os indicadores propostos no Consello Europeo de Laeken.

Estes indicadores foron perdendo vixencia á hora de estudar a cohesión social, polo que compre revisar o marco de indicadores para adaptalo ao momento actual.

3. Obxectivo

Nesta operación estatística de síntese, trátase de aproveitar as fontes estatísticas de información dispoñibles para establecer un conxunto de indicadores que permita avaliar a cohesión social en Galicia.

4. Marco de indicadores

Este conxunto de indicadores seleccionouse tendo en conta unha serie de características desexables:

- Indicadores organizados por áreas: Ao tratarse dunha realidade multifactorial, compre analizar por separado cada unha das áreas que determinan a cohesión social. Pola súa relevancia, consideráronse tres áreas:
    1. Educación.
    2. Traballo.
    3. Inclusión e protección social.
- Número manexable e equilibrado de indicadores: Os indicadores deben permitir avaliar en profundidade cada unha das áreas da cohesión social, pero o seu número debe ser manexable e equilibrado entre as diferentes áreas.
- Indicadores divididos en principais e secundarios: Os indicadores principais buscan medir os principais aspectos relativos á cohesión social e manteranse ao longo do tempo. Pola contra, os indicadores secundarios revisaranse ao longo dos anos, xa que tratan de complementar a información dos indicadores principais adaptándose aos retos sociais que se vaian identificando.
- Indicadores comparables: Sempre que sexa posible, deben seleccionarse indicadores que tamén se poidan calcular para España e a Unión Europea.

Como **indicadores principais** establécese un conxunto de 19 indicadores organizados por áreas (6 de educación, 6 de traballo e 7 de inclusión e protección social):

Educación

Abandono educativo temperán

Mozos e mozas que non traballan, non cursan estudos nin reciben formación

Taxa neta de escolarización entre os 3 anos e a idade de escolarización obrigatoria

Estudantes de 15 anos con baixo rendemento nas probas de lectura

Estudantes de 15 anos con baixo rendemento nas probas de matemáticas

Taxa de idoneidade escolar aos 15 anos

Traballo

Taxa de paro

Taxa de paro de longa duración

Taxa de ocupación da poboación de 20 a 64 anos

Emprego involuntario a tempo parcial

Poboación asalariada con salarios baixos

Taxa de risco de pobreza no emprego

Inclusión e protección social

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social

Poboación en risco de pobreza

Poboación en situación de carencia material e social severa

Poboación vivindo en fogares con baixa intensidade de traballo

Impacto das transferencias sociais na redución da pobreza

Menores de 3 anos en escolas infantís

Ratio de substitución das pensións

Este conxunto de indicadores principais compleméntase cos **indicadores secundarios**, que tamén están organizados por áreas e que, a diferenza dos indicadores principais, revisaranse ao longo do tempo.

5. Indicadores principais

Os indicadores principais permiten analizar aqueles factores que son esenciais para un funcionamento correcto e xusto do modelo educativo, mercado laboral e sistema de benestar, que constitúen a base dunha sociedade cohesionada.

5.1. Indicadores de educación

Abandono educativo temperán

Proporción da poboación de 18 a 24 anos que non completou a segunda etapa da educación secundaria, nivel 3 da Clasificación Internacional de Educación (CINE-2011), e non seguiu ningún tipo de educación ou formación (regrada ou non regrada) nas últimas catro semanas.

Mozos e mozas que non traballan, non cursan estudos nin reciben formación

Proporción da poboación de 15 a 29 anos que non ten emprego nin realizou estudos ou formación (regrada ou non regrada) nas últimas catro semanas.

Taxa neta de escolarización entre os 3 anos e a idade de escolarización obrigatoria

Proporción da poboación entre os 3 anos e a idade de escolarización obrigatoria matriculada nun centro educativo oficial.

Este indicador mide a participación na educación regrada dos nenos e nenas que xa cumpriron os 3 anos pero que aínda non alcanzaron a idade de escolarización obrigatoria. A idade de

escolarización obrigatoria no sistema educativo español son os 6 anos, polo que este indicador para Galicia e España corresponde coa taxa neta de escolarización de 3 a 5 anos. Para a Unión Europea, o cálculo deste indicador realízase utilizando a idade de escolarización obrigatoria de cada país, que varía entre os 5 e 7 anos.

Estudantes de 15 anos con baixo rendemento nas probas de lectura

Proporción do alumnado de 15 anos que non alcanzou un nivel mínimo de competencia en lectura, medido cos instrumentos desenvolvidos polo Programme for International Student Assessment (PISA) da Organisation for Economic Co-operation and Development (OECD).

Segundo os criterios da OECD, o alumnado de 15 anos con baixo rendemento nas probas de lectura é aquel que non acadou o nivel 2 de competencia lectora, considerado como o nivel mínimo de habilidades necesarias para comprender, utilizar e reflexionar sobre textos escritos de maneira efectiva para desenvolverse axeitadamente na vida cotiá e continuar aprendendo de maneira autónoma.

Estudantes de 15 anos con baixo rendemento nas probas de matemáticas

Proporción do alumnado de 15 anos que non alcanzou un nivel mínimo de competencia en matemáticas, medido cos instrumentos desenvolvidos polo Programme for International Student Assessment (PISA) da Organisation for Economic Co-operation and Development (OECD).

Segundo os criterios da OECD, o alumnado de 15 anos con baixo rendemento nas probas de matemáticas é aquel que non acadou o nivel 2 de competencia matemática, considerado como o nivel mínimo de habilidades necesarias para formular, resolver e interpretar problemas matemáticos sinxelos do mundo real.

Taxa de idoneidade escolar aos 15 anos

Proporción do alumnado de 15 anos matriculado en 4º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

5.2. Indicadores de traballo

A poboación activa é o conxunto de persoas que subministran man de obra para a produción de bens e servizos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción a cambio dunha remuneración ou beneficio económico. Así pois, comprende a todas as persoas de 16 e máis anos que compren as condicións para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

A poboación ocupada son as persoas de 16 e máis anos que teñen un traballo por conta allea ou exercen unha actividade por conta propia.

A poboación parada son as persoas de 16 e máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar nun prazo de dúas semanas e buscando activamente un traballo durante as últimas catro semanas, salvo que xa atopasen un traballo ao que se incorporarán nos próximos tres meses.

Taxa de paro

Proporción da poboación activa de 16 a 74 anos que está en paro.

Taxa de paro de longa duración

Proporción da poboación activa de 16 a 74 anos que leva polo menos 12 meses en paro.

Taxa de ocupación da poboación de 20 a 64 anos

Proporción da poboación de 20 a 64 anos que está ocupada.

Emprego involuntario a tempo parcial

Proporción da poboación ocupada a tempo parcial de 20 a 64 anos que traballa a tempo parcial por non poder atopar un traballo a xornada completa.

Poboación asalariada con salarios baixos

Proporción da poboación ocupada por conta allea cun salario bruto por hora igual ou inferior a dous terzos do salario bruto por hora mediano.

Taxa de risco de pobreza no emprego

Proporción da poboación ocupada de 18 e máis anos en risco de pobreza, é dicir, cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes.

O ingreso equivalente dos membros dun fogar defínese como o ingreso medio mensual do fogar dividido polo seu número de unidades de consumo. O número de unidades de consumo dun fogar calcúlase utilizando a escala OECD modificada, que asigna un peso de 1 á primeira persoa de 14 ou máis anos, un peso de 0,5 ao resto de persoas de 14 ou máis anos e un peso de 0,3 ás persoas de menos de 14 anos.

5.3. Indicadores de inclusión e protección social

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social

Proporción da poboación que se atopa en risco de pobreza ou exclusión social, é dicir, que está en polo menos unha destas tres situacións: en risco de pobreza, en situación de carencia material e social severa ou vivindo en fogares con baixa intensidade de traballo.

Poboación en risco de pobreza

Proporción da poboación cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes.

Poboación en situación de carencia material e social severa

Proporción da poboación en situación de carencia en polo menos sete dunha lista de trece limitacións.

As limitacións consideradas na determinación da carencia material e social severa (sete definidas a nivel de fogar e seis a nivel de persoa) son:

A nivel de fogar:

- Non se pode permitir ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non se pode permitir unha comida de carne, polo ou peixe (ou equivalente no caso dos vexetarianos) polo menos cada dous días.
- Non se pode permitir manter a vivenda cunha temperatura adecuada os meses fríos.
- Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos.
- Tivo atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, compras a prazos ou préstamos e recibos) nos últimos 12 meses.
- Non se pode permitir dispoñer dun automóbil.
- Non pode substituír mobles estragados ou vellos.

A nivel de persoa:

- Non se pode permitir substituír roupa estragada por outra nova.
- Non se pode permitir ter dous pares de zapatos en boas condicións.
- Non se pode permitir reunirse con amigos/familia para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- Non se pode permitir participar regularmente en actividades de lecer.
- Non se pode permitir gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesma.
- Non se pode permitir conexión a internet.

Poboación vivindo en fogares con baixa intensidade de traballo

Proporción da poboación de 0 a 64 anos que vive en fogares sen emprego ou con baixa intensidade no emprego, é dicir, fogares nos que os seus membros en idade de traballar (persoas de 18 a 64 anos, excluíndo ao alumnado de 18 a 24 anos, ás persoas xubiladas ou retiradas e ás persoas inactivas de 60 a 64 anos cuxa fonte principal de ingresos do fogar

sexan as pensións) fixérono menos do 20% do total do seu potencial de traballo durante o ano natural.

Impacto das transferencias sociais na redución da pobreza

Redución porcentual da taxa de risco de pobreza debida ás transferencias sociais (prestacións contributivas e non contributivas e prestacións e subsidios por desemprego), que se obtén comparando a taxa de risco de pobreza antes das transferencias sociais coa taxa de risco de pobreza despois das transferencias sociais.

Menores de 3 anos en escolas infantís

Proporción da poboación menor de 3 anos matriculada nunha escola infantil.

Ratio de substitución das pensións

Cociente entre a mediana de ingresos de prestacións de xubilación e supervivencia das persoas de 65 a 74 anos e a mediana de ingresos por traballo das persoas de 50 a 59 anos.

5.4.Fontes de información

As fontes de información empregadas nos **indicadores de educación** son:

- O abandono educativo temperán e os mozos e mozas que non traballan, non cursan estudos nin reciben formación proceden da *Encuesta de población activa* do INE para Galicia e da *Labour Force Survey* de Eurostat para España e a Unión Europea.
- A taxa neta de escolarización entre os 3 anos e a idade de escolarización obrigatoria e a taxa de idoneidade escolar aos 15 anos obtéñense para Galicia e España a partir da *Encuesta de enseñanzas no universitarias* do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes. Para a Unión Europea, a taxa neta de escolarización procede das *Education Statistics* de Eurostat, mentres que non se dispón de datos comparables da taxa de idoneidade escolar.
- O rendemento do alumnado de 15 anos nas probas de lectura e nas probas de matemáticas avalíase mediante o *Programme for International Student Assessment (PISA)* da Organisation for Economic Co-operation and Development (OECD).

En canto aos **indicadores de traballo**, a principal fonte de información é a *Encuesta de población activa* do INE para Galicia e a *Labour Force Survey* de Eurostat para España e a Unión Europea. Agora ben, para o indicador da poboación asalariada con baixos salarios recórrese á *Encuesta anual de estructura salarial* do INE para Galicia e á *Structure of Earnings Survey* de Eurostat para España e a Unión Europea. Así mesmo, a taxa de risco de pobreza no emprego calcúlase a partir da *Enquisa estrutural a fogares* do IGE para Galicia e da *Statistics on Income and Living Conditions* de Eurostat para España e a Unión Europea.

Os **indicadores de inclusión e protección social**, con carácter xeral, utilizan como fonte de información a *Enquisa estrutural a fogares* do IGE para Galicia e a *Statistics on Income and Living Conditions* de Eurostat para España e a Unión Europea. A única excepción corresponde ao indicador de menores de 3 anos en escolas infantís, que se obtén da *Encuesta de enseñanzas no universitarias* do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes para Galicia e España e das *Education Statistics* de Eurostat para a Unión Europea.

6. Indicadores secundarios

Os indicadores secundarios permiten afondar na análise das áreas de educación, traballo e inclusión e protección social. Estes indicadores poderán cambiar ao longo dos anos, xa que se revisarán para adaptarse aos retos sociais que se vaian detectando.

No **Anexo. Indicadores secundarios**, está dispoñible a listaxe actual de indicadores secundarios, xunto coas súas definicións e fontes de información.

7. Difusión

Esta operación estatística difúndese no apartado de *Indicadores* da páxina web do IGE (www.ige.gal) e actualízase a medida que se dispón da información necesaria (actualización continua).

Anexo. Indicadores secundarios

Como indicadores secundarios establécese un conxunto de 15 indicadores (4 de educación, 6 de traballo e 5 de inclusión e protección social).

Indicadores de educación

Poboación adulta con baixos niveis educativos

Proporción da poboación de 25 a 64 anos cun nivel educativo igual ou menor á primeira etapa da educación secundaria, niveis do 0 ao 2 da Clasificación Internacional de Educación (CINE-2011).

Participación da poboación adulta nas actividades de aprendizaxe

Proporción da poboación de 25 a 64 anos que realizou estudos ou formación (regrada ou non regrada) nas últimas catro semanas.

Poboación de 25 a 34 anos con polo menos educación secundaria superior

Proporción da poboación de 25 a 34 anos cun nivel educativo igual ou maior á segunda etapa da educación secundaria, niveis do 3 ao 8 da Clasificación Internacional de Educación (CINE-2011).

Poboación de 25 a 34 anos con estudos superiores

Proporción da poboación de 25 a 34 anos que completou estudos superiores, niveis do 5 ao 8 da Clasificación Internacional de Educación (CINE-2011).

Indicadores de traballo

Taxa de paro xuvenil

Proporción da poboación activa de 16 a 24 anos que está en paro.

Poboación menor de 18 anos que vive en fogares sen ocupados

Proporción da poboación menor de 18 anos que vive en fogares nos que ningunha persoa traballa, é dicir, onde todos os membros son inactivos ou parados.

Poboación de 18 a 59 anos que vive en fogares sen ocupados

Proporción da poboación de 18 a 59 anos que vive en fogares nos que ningunha persoa traballa, é dicir, onde todos os membros son inactivos ou parados.

Fenda de xénero no emprego a tempo parcial

Diferenza entre homes e mulleres na proporción da poboación ocupada de 20 a 64 anos que traballa a tempo parcial.

Fenda de xénero nos salarios

Diferenza entre a ganancia media por hora dos homes e a ganancia media por hora das mulleres como porcentaxe da ganancia media por hora dos homes.

Taxa de actividade da poboación de 16 a 64 anos

Proporción da poboación de 16 a 64 anos que é activa.

Indicadores de inclusión e protección social

Desigualdade da distribución da renda S80/S20

Cociente entre o total de ingresos equivalentes do quintil máis rico da poboación e o total de ingresos equivalentes do quintil máis pobre da poboación.

Índice de Gini

Medida da maior ou menor concentración da distribución da renda na poboación, utilizándose para o seu cálculo o ingreso equivalente por persoa.

Canto máis preto está de 0 maior equidade na distribución da renda e canto máis preto de 1 maior concentración na distribución da renda.

Fogares que non se poden permitir unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días

Proporción de fogares que non se poden permitir unha comida de carne, polo ou peixe (ou equivalente no caso dos vexetarianos) polo menos cada dous días.

Fogares que non se poden permitir manter a vivenda cunha temperatura adecuada

Proporción de fogares que non se poden permitir manter a súa vivenda cunha temperatura adecuada os meses fríos.

Fogares que tiveron atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda

Proporción de fogares que tiveron atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, compras a prazos ou préstamos e recibos) nos últimos 12 meses.

Fontes de información

Nos indicadores de educación e indicadores de traballo, salvo para a fenda de xénero nos salarios, a fonte de información empregada para Galicia é a *Encuesta de población activa* do INE, mentres que para España e a Unión Europea a información procede da *Labour Force Survey* de Eurostat.

Para a fenda de xénero nos salarios, utilízase a *Encuesta anual de estructura salarial* do INE para Galicia e a *Structure of Earnings Survey* de Eurostat para España e a Unión Europea.

A fonte de información dos indicadores de inclusión e protección social para Galicia é a *Enquisa estrutural a fogares* do IGE, mentres que para España e a Unión Europea utilízase a *Statistics on Income and Living Conditions* de Eurostat.